

## BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR UN POSTO DE SOCORRISTA-MONITOR PARA O CAMPUS DE VERAN DO CONCELLO DA ESTRADA

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-** Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a un/ha socorrista –monitor de cursos para as Piscinas Municipais durante o Campus deportivo-cultural 2012 do Concello da Estrada mediante contrato laboral de duración determinada.

**2.- CONDICIÓN DA CONTRATACIÓN.-** Duración do contrato: Do 2 de xullo ao 25 de agosto de 2012.

O horario laboral será media xornada.

Percibirá a cantidade segundo convenio.

**3.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.-** Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión dos seguintes requerimentos:

a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións do cargo.

d) Que non fora ou estea separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Local ou doutras Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Estar en posesión da titulación de socorrista – salvamento acuático (será suficiente se foi obtida nalgunha das seguintes entidades: Cruz Vermella, Protección Civil, Academia Galega de Seguridade, CESFORM-Vigo, Federación Nacional de Socorrismo, Federación Galega de Socorrismo, IDISSA (Fundación para la investigación, desenvolvemento e innovación en salvamento, socorrismo y actividades), SADEGA S.L. e Universidade da Coruña).

f) Acreditación de ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

**4.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.-** Para seren admitidos a tomar parte no proceso de selección, os aspirantes manifestarán na instancia dirixida ó Sr. Presidente da Fundación Cultural A Estrada, que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no artigo nº 3 destas Bases.

Con ela acompañaranse compulsadas:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Certificado médico no que se faga constar que o aspirante non sofre impedimento físico para desempeña-la actividade de referencia
- c) Xustificante da titulación esixida.

O prazo para presentar as solicitudes remata o día 25 de xuño ás 14:00h.

#### **5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Estará constituído polos seguintes membros actuando todos con voz e voto:

##### **Presidente:**

Titular: D. Carlos Andújar Mato

Suplente: D. Diego Pernas Fernández

##### **Secretaria:**

Titular: Dna. Margarita Rodríguez Blanco

Suplente: Dna. Sara Neira Verde

##### **Vogais:**

Titular: D. Javier Ramos Calvelo

Suplente: D. Alexander Torres Chao

Titular: D. Henrique Vázquez Pernas

Suplente: D. José Manuel Marque Marque

Titular: D. David Carballo Calvelo

Suplente: D. Javier González Puente

Os membros do Tribunal poderán recabar o apoio de cantos asesores consideren oportuno.

**6.- EJERCICIOS OBRIGATORIOS.-** Os aspirantes presentaranse na Fundación Cultural A Estrada, con dirección en Avda. Benito Vigo, nº104, Edificio de Usos Múltiples – 2º andar, o martes día 28 de xuño de 2012, as 11:30h. co gallo de levar a cabo unha proba escrita, e unha proba práctica que se realizará nas Piscinas municipais, para o que os aspirantes deberán presentarse coa indumentaria adecuada para a realización de dita proba práctica.

Proba escrita – máximo 6 puntos

Proba práctica – máximo 4 puntos

**7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS.-** Rematado os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación expoñéndose no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural A Estrada e na dirección de Internet [www.fundacioncultural.aestrada.com](http://www.fundacioncultural.aestrada.com). A persoa que que consiga maior puntuación será proposta ó Presidente da Fundación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas das prazas convocadas.

**8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-** A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente.

**9.- RECURSOS.-** Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Fundación Cultural A Estrada, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A Estrada, 20 de xuño de 2012

O PRESIDENTE,